

LEME

A colección Hipocampo Amigo, dirixida desde Madrid por Sabino Torres, achéganos *No leme das lembranzas*, unha obra de Daniel Pino Vicente. Dividido en catro xeiras, o volume confórmase como unha viaxe arredor do ser humano e da súa problemática esencial: a que o leva a reflexionar sobre as súas orixes e a incerteza do propio futuro. Entrementres, dislócase ó magma (a Terra, nai e creadora), emprende a procura do seu camiño (por vía marítima pois "*Logo de aprender a latexar/ co ritmo marcado pola Terra/ soñara axiña o mar./ Destiño infindo do fluir/ incesante do meu río/ fitado con afán dende a ribeira*") e recorre á lembranza como forza que o pon en comunicación coa súa esencia. **T.S.**

Tempos Novos, 54, novembro 2001, p. 71